

# ENTREVISTA ÓS HAITIANOS ALEXIS E MICHEL

desenvolvemento socioeconómico do país. De feito o pasado 29 de Novembro o goberno español comprometeuse a axudar ao sistema educativo haitiano con 10.000.000 de euros, como aportación ao presuposto do país, igual que na educación comprometéronse a dar máis apoio ás ONG con proxectos e programas socioeconómicos.

Hai outros países que están polo mesmo labor porque hoxe en día coa participación masiva dos haitianos nos últimas eleccións, a comunidade interna quere apoiar a este novo goberno para ver se o país pode saír da súa situación de pobreza ou mellorar as condicións de vida dos haitianos.

- A que se dedica a xente alí?

As mulleres hoxe en día ao igual cós homes da sociedade civil están reflexionando sobre o porvir do país, organizaron coloquios...pero tamén as mulleres teñen un papel moi importante no desenvolvemento do país por ser o grupo maioritario que ten unha larga historia de organización e de loita por cambiar as situacións do país tanto de machismo como socioeconómico.

As mulleres encóntanse en todas as capas da sociedade (ministras, deputadas, directoras xerais, etc.) en todos os ámbitos, pero non presentan nin sequera o 20% da cota do traballo do país. No mundo rural a maioría son amas de casa e buscan auga, todo



isto tamén o fan os nenos. Os homes no mundo rural son os que fan levan diñeiro á casa e isto incita ao machismo.

- Como é o transporte aí? En Puerto Príncipe o transporte que hai son taxis, autobuses (moi decorativos, chamados alí tap-tap), non hai trens nin metro, hai coches privados (de familias ricas ou de xente que emigra a Estados Unidos e mantén á súa familia de Haití e manda coches e cousas). As estradas son malas, están moi deterioradas e no mundo rural case non existen, son camiños.

- Sabemos que hai poucos matrimonios, por que?

En Haití casan sobre o 8% da poboación porque casar pola Igrexa Católica é o máis recoñecible e esta impón moitas condicións para que unha persoa se poida casar, o primeiro é saber ler e escribir, e o segundo pagar, e hai pouca xente que saiba ler e escribir e que teña diñeiro para pagar.

- Que relixións hai?

Catolicismo, protestantes e budú, que é a relixión oficial. O 65% son católicos e destes o 60% practica budú, o resto son protestantes.

-Moitas grazas.